

Texto: **MARÍA ROSA MÓ**  
Ilustracións: **FEDERICO DELICADO**  
Composición da música: **JUAN VARA**  
Música: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**  
Dirección musical: **ALEJANDRO POSADA**  
Narración: **MÓNICA ARGIBAY**

Encadernado en cartón  
40 páxinas a toda cor. 17x19 cm.  
Dispoñible en:

-Galego: "Soños de Xulieta"  
Sondecunto. ISBN 978-84-8464-217-6

-Castelán: "Julieta en sueños"  
Sondecuento. ISBN 978-84-8464-231-2

Prezo: 20 €



## JULIETA EN SUEÑOS

**Xulieta faise un nobelo. Xoga na cama. O seu camisón se acende de estrelas e empeza a soñar... Soña coa música do paxaro, o canto das follas, nada no fondo do mar. Xulieta entra nun xirasol, soña que é un caracol, rabuña a noite coas súas mans de nena e faille cóxegas nos pés...**

Participamos no percorrido polo mundo fantástico dos soños dunha nena, unha viaxe onírica na que a protagonista flúe e se transforma en diferentes elementos e personaxes. Distintas unidades poéticas únense formando un fío narrativo que enlaza principio e fin nunha estrutura circular.

As ilustracións, creadas coa técnica do collage, inspíranse no *wabi-sabi*, unha técnica xaponesa que busca a sinxeleza a través da "pobreza" de materiais, con elementos perecederos como follas, palla ou papel, para conseguir a harmonía coa poética sinxeleza do texto.

A música transcorre sen interrupción, a modo de poema sinfónico. No seu conxunto, a sonoridade é moi envolvente e reflicte o coidado pola luminosidade tímbrica, por medio da percusión, o piano, a celesta e a arpa. O discurso sonoro avanza sobre un trasfondo lírico e dende a obertura inicial, entra nunha atmosfera sonora, intrigante e misteriosa.

"Soños de Xulieta" é unha obra redonda, onde linguaxe plástica, literarie e musical fúndense en perfecta harmonía. Á colección Sondecunto, na que participa a Orquestra Sinfónica de Galicia, pertencen tamén "A memoria das árbores", "Gatipetro", "Concerto para animais" e "O oso fabuloso".

**MARÍA ROSA MÓ** (Buenos Aires, 1960)  
Poetisa e editora. Publicou diferentes libros de poesía, entre os que se atopan "Tristes historias resucitadas" (1988), "Blusera del alma" (1991) e "Ardores en puntillas" (1999). Para nenos, publicou "La regadera del sol", "La Escalera de Pascual" e "Los pájaros de Joaquín" (1994). Dirixe a editorial El Cronopio Azul, premiada nas súas coleccións de

literatura infantil con galardóns como o Premio Octogonal (Francia), a Mostra Internazionale d'Illustrazione per L'Infancia de Sàrmede (Italia) e o premio Alija (Asociación de Literatura Infantil e Xuvenil de Arxentina).

### **FEDERICO DELICADO** (Badajoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. Colaborou como ilustrador gráfico con El País. Compatibiliza o seu traballo no campo da ilustración infantil coa súa faceta de pintor. Participou en diversas mostras de arte; como ilustrador de libros infantís, participou na exposición "El texto iluminado", organizado pola Biblioteca Nacional. Ilustrou máis de 30 libros para editoriais como Siruela, SM, Anaya, Lóguez e KALANDRAKA, onde publicou "Aquel neno, aquel vello".

### **JUAN VARA** (A Coruña, 1959)

Compositor e docente formado no conservatorios da Coruña e Vigo. Membro fundador, en 1987, da Asociación Galega de Compositores. Profesor numerario no Conservatorio Estatal de Música da Coruña. É autor de obras de piano, música de cámara e sinfónica. Algunhas das súas obras, como "Aparición en la distancia secreta" e "Al fondo del espejo de la noche", estreáronse coa Orquestra Sinfónica de Galicia coa dirección de Víctor Pablo.

- **Temática:** os soños, o surrealismo
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** libro-cd con música da Orquestra Sinfónica de Galicia; ilustracións coa técnica xaponesa do wabi-sabi